

PROGRAMACIÓN 05/04/25

80º ANIVERSARIO DO "CARTAGENA Nº3"

17:00 h

Apertura do acto – Patrón Maior

17:15 h

Ponencia – Marcial Mouro

O mundo da comunicación e do mar

17:35 h

Ponencia – Fernando Patricio

Os Naufraxios

18:00 h

Documental – Asociación de veciños de Carreira

"Cartagena Nº3"

18:30 h

Ponencia – Antón Luaces

"Españoles en la mar"

18:45 h

Ponencia – Xosé Iglesias

O mar feito poesía

19:10 h

Ofrenda floral – Padre Luis

Segundo Hermo "Salve Marinera"

19:30

Presentación – Juan José Prol

Mural: "Cartagena Nº3"

19:45 h

Presentación – Luis Crujeiras

O porqué do Cartagena

20:15

Ágape de agradecemento



NOTA DE PRENSA

27 de marzo de 2025

Carreira e Aguiño conmemora o 80 aniversario do afundimento do Cartagena N°3

Aguño, 27 de marzo de 2025 – O vindeiro sábado 5 de abril, a partir das 17:00 horas, a Casa do mar de Aguiño, acollerá unha xornada de conmemoración para lembrar o 80 aniversario do trágico afundimento do *Cartagena N°3*. Un acto que reunirá a expertos e cidadanía para rememorar un dos acontecementos máis importantes da historia marítima da zona.

Ao longo da xornada, diferentes expertos e convidados poñerán en valor os seus coñecementos sobre os naufraxios, o impacto social e emocional que supuxo para a comunidade este desastre e, sobre todo, manterán viva a memoria das vítimas que perderon a vida naquelas augas. O obxectivo é rendir homenaxe a todos os que xa non están e preservar a súa lembranza para as futuras xeracións.

O programa do evento dividirase en tres partes:

1. **Salón de actos da casa do mar de Aguiño:** Ás 17:00 horas, varios ponentes como Marcial Mouzo, Fernando Patricio, Antón Luaces e Xosé Iglesias, compartirán as súas intervencións sobre os feitos acontecidos e a importancia do *Cartagena N°3* na historia local. A Asociación de Veciños de Carreira tamén presentará un documental inédito sobre o naufraxio do barco.
2. **Peirao de Aguiño:** A continuación, terá lugar unha emotiva homenaxe a cargo do Padre Luis, que rendirá tributo ás vítimas do naufraxio. Así como o solemne cántico representado por Segundo “O Patrón”.
3. **Cofradía:** A última parte da xornada será na Cofradía, onde Juan José Prol, presentará o mural, feito polos integrantes da organización do evento, en homenaxe ás vítimas; tamén se presentará unha maqueta realizada á man, por Luis Crujeiras, do barco *Cartagena*, que representa a memoria de todos os mariñeiros perdidos. Como agasaio, Crujeiras, expondrá a maqueta do *Xouba*.

Para rematar, todos os asistentes serán convidados a un pequeno ágape de agradecemento para pechar a xornada de forma distendida e de fraternidade.

Este evento, de gran importancia para a comunidade de Aguiño e Carreira, serve como recordatorio do impacto das traxedias marítimas na vida das persoas, así como da necesidade de preservar a súa memoria para as futuras xeracións.

Contacto:

Cofradía de Carreira - Aguiño

Email: cofradia@cofradiaaguino.org

Organizadores do acto:



CLUB DE PENSIONISTAS
Y
JUBILADOS DEL MAR
15965 AGUIÑO - RIVEIRA
(A Coruña)

